

ACTA DE ENTREGA AO DO CONCELLO DE LEIRO DO ELEMENTO FUNCIONAL CONSTITUÍDO POR UNHA INSTALACIÓN SEMAFÓRICA NA ESTRADA AUTONÓMICA OU-209

COMPARECEN

Dunha parte, Yago Borrajo Sánchez, secretario xeral técnico da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, da Xunta de Galicia, por delegación da conselleira en virtude da Orde de 7 de setembro de 2017 sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico e en outros órganos e entidade públicos adscritos a esta consellería (DOG 20/09/2017) en representación desta consellería.

Doutra parte, Francisco José Fernández Pérez, alcalde do Concello de Leiro, en representación desta entidade.

EXPOÑEN

Primeiro. Con data do 5 de setembro de 2025 a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello de Leiro asinaron un acordo para o cambio de titularidade do elemento funcional da estrada autonómica OU-209 constituído por unha instalación semafórica nos dous estribos da ponte Esperela, unha vez executadas as obras previstas na memoria valorada Instalación de regulación semafórica na OU-209 en Leiro.

Segundo. As obras foron certificadas na súa totalidade o 29 de abril de 2026.

Terceiro. Mediante o Decreto 90/2026, do 3 de agosto, (DOG núm.151 do 12 de agosto de 2026), a Xunta de Galicia aprobou o cambio de titularidade a favor do Concello de Leiro do elemento funcional constituído por unha instalación semafórica na estrada autonómica OU-209.

Cuarto. De conformidade co disposto no artigo 2 do citado decreto, a entrega dos bens formalizárase no prazo dos tres meses seguintes a esta publicación do decreto no *Diario Oficial de Galicia*, mediante a sinatura da correspondente acta de entrega.

En consecuencia, e en cumprimento do disposto no Decreto 90/2026, do 3 de agosto, así como do establecido no artigo 18.6 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o



Reglamento xeral de estradas de Galicia,

ACORDAN

Formalizar a entrega ao Concello de Leiro do elemento funcional constituído por unha instalación semafórica na OU-209, situado nos estribos da ponte Esperela, do cal forma parte a seguinte relación de bens:

- 2 semáforos con sensores.
- 1 centro de mando de regulación semafórica.
- 2 cámaras de control de vehículos.
- 2 cámaras de control de peóns.
- 4 soportes de aluminio.
- 1 equipamento de control de cámaras.
- 2 switch.
- 1 rúter.
- 1 módulo de comunicacións con PC.
- Cable Ethernet Cat. 6.

E para que así conste, as partes asinan electronicamente este documento.

A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas P.D (Orde de 7 de setembro de 2017 (DOG 20/09/2017) , o Secretario Xeral, Yago Borrajo Sánchez

O alcalde do Concello de Leiro, Francisco José Fernández Pérez

